

AS NOSAS COUSAS



Revista trimestral do colexio de educación infantil
e primaria de Galán Oseiro-Arteixo (A Coruña)
Número 26

Xaneiro, 2010



UXÍO NOVONEYRA
OS CANTOS DE REIS
A ÁRBORE SEN FOLLAS
CONTO DE NADAL
UN TALLER DE ILUSTRACIÓN
ELA QUERÍA FACER O PINO
O LOBO
JURASIC PARK
A TORRE DE HÉRCULES
HÉRCULES E CRUNIA
ADIVIÑAS, PASATEMPOS...

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
CEIP GALÁN OSEIRO-ARTEIXO (A CORUÑA)

DÍA DA ÁRBORE NA TÉRMICA DE SABÓN



Este ano 2010 a Real Academia Galega dedícalle o 17 de maio, Día das Letras Galegas, ao poeta lugués Uxío Novoneyra.

Uxío naceu o 19 de xaneiro de 1930 na pequena aldea de Parada de Moreda, nas montañas do Courel, en Lugo.

Estudou o bacharelato na cidade de Lugo e posteriormente trasladouse a Madrid para comezar a carreira de Filosofía e Letras. E é nesta cidade onde publica os seus primeiros poemas. Estes primeiros poemas están escritos en castelán.

No ano 1952 volta a Galicia e entra en contacto con diferentes intelectuais galegos de Santiago de Compostela o que o leva a escribir, xa a partir de entón, exclusivamente en idioma galego.


Casou, en 1973 con Elva Rei á que coñeceu durante a súa estadía en Lugo e coa que tivo tres fillos, Branca Petra, Uxío e Arturo.

Durante un tempo vive entre Lugo e O Courel ata que se establece definitivamente, dez anos máis tarde, en Santiago de Compostela.

Uxío é autor de numerosos poemas, sendo os máis coñecidos e máis representativos da súa obra os recollidos baixo o título *Os Eidos*, nos que recopila toda a súa poesía relacionada co Courel.

Escribiu tamén tres contos para os máis pequenos: *Gorgorín e Cabezón*, *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* e *O cubil do xabarín*.

Faleceu en Santiago de Compostela un 30 de outubro de 1999.



Caricatura de Uxío Novoneyra realizada por Luís Seoane.

**FONTIÑA do Carabel!
auga branca
nacida ao pé dunha faia
ten que ter bo beber.**

**-Toma
pon de calexa esta folla.
Aséntaa ben no buraco
e préndeaa cunha pedra.**

**Que fontíña máis pequena!
Sécase dun sorbato.**

**Fontíña do Carabel!
que dás xusto
o que un pode beber!**



Portada de *O cubil do xabarín*, un dos tres libros de contos escritos por Uxío.

Os *Cantares de Nadal*, *Cantares de Aninovo* e os *Cantares de Reis*, foron a desculpa perfecta para faceren unha noite de ledicia, de acompañamento, de ilusión... para moitos dos galegos e galegas que tiveron a súa vida no rural. Ditas tradicións orais mantéñense e recupéranse como un xeito de celebrar as festas con música en toda Galiza.

¿En que consisten?

Grupos de mozos e mozas da vila reuníanse e ían de porta en porta cantando pezas tradicionais, agardando recolle-lo aguinaldo e recibir unha lambetada, comida ou algún outro agasallo da veciñanza.

En Nadal eran *panxoliñas*, en fin de ano *xaneiras*, *manueis* ou *aninovo*s e en reis os *cantares de reis* ou *aguinaldos*. Ás veces tamén incluían algúnha loa á casa para a que se estaba a cantar nese momento e, así, conmoover a xenerosidade do doador. No caso de que este non colaborase, facían saber, cantando, á veciñanza quen estaba menos disposto a compartir os seus alimentos.



Hoxe en día pervive e seguese a facer en zonas de Galiza como Boimorto, Pedradita, Redondela ... a pesares dos novos costumes de Nadal e a falta de xente nova que se estende polo rural

Os cantares

Son tradicionais no norte do país. Interpretanse en **cuadrillas** (variados compoñentes e instrumentos) ou en **xugadas** (un gaiteiro con varios cantores que o rodean incorporando, ás veces, percusión). As pezas, sempre tiradas da tradición, son cantares longos e difíciles de cantar. Moitos veñen dos cantos gregorianos e cantares relixiosos dos séculos XV e XVI. A súa temática xira arredor da visita dos Reis a Cristo, ou do peregrinar de Xosé e de María na busca dun lugar onde parir.

Son tradicionais no sur do país. A súa orixe vén de lonxe. Os maiores din que logo de ir á leira collían os instrumentos artesanais que había na casa, e logo ían de pasarrúas polos barrios na época do Nadal. Estes grupos, de 30 a 80 participantes, executaban, con instrumentos tradicionais, pezas do folclore coma muiñeiras, fandangos ou pasodobles (hoxe xa introducen temas da música actual). Todos os membros do grupo van ataviados con capas e boinas e desfilan detrás dos abandeirados que portan un emblema co nome da rondalla.



Recollido en Arante, Ribadeo, por Xosé Vega Pérez

Tres peregrinos veñen
tras dunha estrela;
dúrmete, neno meu,
se queres vela.

Tres mariñeiros veñen
tras dun luceiro;
dúrmete, neno meu,
se queres velo.

Dúrmete, neno meu,
meu neno, dúrmete;
tras dunha estrela veñen
polo deserto tres reis.

Os tres camelos dos reis
ó chegaren a Galicia,
como non viron deserto,
morrían os tres de risa.
E, ó veren tanta auga
nos regatos e nas rías,

—¡Que catarro imos coller
como veña unha chovisca!

Melchor toca unha gaita,
Baltasar un tamboril,
o Gaspar, que non é músico,
alumea cun candil.

Recollido no Couto de Outeiro, Mondoñedo, por Carlos Gómez



PATRICIA
AGUILAR
GIL,
6.º A

CAMPO A TRAVÉS

O día 11 de decembro de 2009 os alumnos e alumnas de sexto de primaria participamos nunha carreira de campo a través no concello coruñés de Cambre.

Primeiro correron os nenos e despois as nenas.

Había moitos rapaces e rapazas de varios colexios da contorna de Cambre e de Oleiros.

Nós, os de Galán, gañamos unha medalla grazas á carreira e ao esforzo de Joel Esteban Carro Molina que quedou segundo na carreira dos rapaces.

As rapazas non gañamos nada.

Para min esta experiencia foi moi divertida e eu creo que o máis importante foi participar.



REDACCIÓN
AS NOSAS
COUSAS

O SAMAÍN, 2009

A finais do mes de outubro celebramos, como xa vén sendo habitual, o Samaín. Este ano presentáronse un total de 298 cabazas que estiveron expostas durante tres días no recibidor do colexio. O venres día 30 encendimos as candeas, apagamos as luces e...que espectáculo!

Visitáronnos os alumnos e alumnas de pre-escolar de Vilarrodís e A Maceira, en Pastoriza.



Este ano encargáronse da recepción e entrega dos agasallos do Samaín 2009 o equipo formado por Adrián, Jalisson, Alba Albariño, Álvaro, Alba Suárez e Patricia, alumnos e alumnas de sexto.

UN TALLER DE ILUSTRACIÓN

O pasado seis de novembro os rapaces e rapazas de sexto curso acudimos ao Centro Cívico de Arteixo para participar nun taller de ilustración de contos. O acto estaba organizado pola Biblioteca Municipal, co gallo do seu 20.º aniversario e en colaboración coa Editorial Kalandraka.


Fomos recibidos por dous rapaces: José, que nos mostrou unha exposición de libros de contos ilustrados de diferentes maneiras e por Pablo, que é ilustrador e foi o encargado de ensinarnos a ilustrar palabras coas súas propias letras.

Para iso repartiunos uns folios onde practicamos e unha vez feitas as ilustracións pasámolas a limpo.

Foi unha experiencia moi interesante e a verdade é que nos divertimos moito.




SONÁMBULO




DROMEDARIO



OGRO




VOO




GOLF

VOZARRÓN



DAVID
REY
VIDAL,
5.º C

O MAGOSTO



Vivo no alto, son nova
a miña cor amarela
indica que en pouco tempo
voume converter en vella.

O día que esto suceda
a pel vaise acastañar
e pasado un pouco tempo
voume espachurrar no chan.

Os mozos van vir por min,
vanme gardar no seu bolso
xunto as outras coma min
para facer o magosto.

Xa vexo o fume na vila
escoito xente a berrar
están todos agardando
para nos botar a asar.

TANIA
CALVETE
LÓPEZ,
5.º A

O BARQUIÑO

Ao barquiño gústalle navegar
sube e baixa e non para de cantar.

O barco pirata conta chistes
e canta serenatas.

O barquiño canta noite e día,
da mañá ao mediodía.



A ÁRBORE SEN FOLLAS

Érase unha vez unha árbore moi, moi pequena, que non tiña follas, nin case ponlas e era moi delgada.

Ao seu redor había moitas árbores grandes e frondosas cheas de follas e nas súas ponlas aniñaban os paxaros e xogaban os esquíos.

A árbore pequena morría coa pena, quería saír correndo, pero non podía moverse e cada día estaba máis e máis triste.

Era finais do verán e axiña chegaría o outono cos días máis curtos e fríos e a árbore pequena pensaba que así

non se vería tan diferente das outras árbores, pero seguía triste pois pensaba que nunca chegaría a ser tan grande e fermosa coma as demais.

Pasado o tempo chegou o inverno coa súa neve, tapando gran parte da pequena árbore agás a ponla máis outa onde aínda resistía unha pequena folla. A árbore estaba contenta ao pensar que moi axiña estaría toda cuberta de follas.

Nesta época do ano a comida dos animais era escasa e un corzo con moita fame que pasou a rentes da pequena árbore tivo intención de comer a folla.

A pequena árbore suplicoulle que non lle comera a súa única e tan esperada folla.


O corzo contestoulle que se non lle comía a folla morrería de fame. A árbore aceptou e pensou que xa lle sairían outras follas máis adiante.

O corzo comeuna, agradeceullo moito e liscou correndo.

Aquela era unha noite clara e chea de estrelas luminosas e unha luz moi intensa veu a pousarse sobre a nosa árbore amiga.

Á mañá seguinte a árbore apareceu toda cuberta de follas, no medio dun bosque cheo completamente de árbores peladas.

Axiña pasou o inverno que deu paso á primavera e a árbore, co paso do tempo, pasou a ser grande e forte.



CONTO DE NADAL


Un día, na antiga casa abandonada, había unhas pastasmas agochadas. Nunha casiña de campo había dous nenos. Chamábanse Xan e Xaime. Os nenos non crían no nadal e as pantasma querían que todo o mundo crera no nadal.

Un día Xan e Xaime foron de excursión co colexio e pasaron pola casa abandonada. Viron algo sorprendente nela e queixeron achegarse a mirar.

Xa dentro da casa, os nenos entraron nunha habitación e de súpeto a porta pechouse.

Ao mirar ao redor viron que estaba todo adornado. tiña un abeto, un presebe e moitas luces de cores.

Estaban abraiados mirando todo cando...comezou a sonar unha música e apareceu unha ringleira de pantasma cantando e bailando.



Xaime dixo:

-Que ben bailan!

As pantasma escoitaron e dixeron:

-E logo vós non sabedes bailar?
Non vos gusta o nadal?

Entón Xan dixo:

-Nós non cremos no nadal.

Pero segundo pasaba o tempo os nenos íanse contaxiando do espírito navideño das pantasma, tanto que cando rematou o día sentíanse tan felices que xa nunca máis dubidaron da festa do nadal.

IGNACIO
FARIÑA
RODRÍGUEZ,
6.º A

CANDO CHOVE...

Debuxo: ANDREA PAULOS LÓPEZ, 6.º B

Cando chove e quenta o sol
vén o demo por Ferrol,
cun saquiño de alfinetes
para picarlle o cu as mulleres
e un saquiño de prendedores
para picarlle o cu aos señores.

(Cantiga popular)



ESTEVO
CAPELÁN
VARELA,
5.º A

O LOBO

Debuxo: NOEMÍ MARTÍNEZ CHICO, 6.º B

O lobo é un animal da familia dos cánidos. Pode vivir en diferentes ecosistemas: fragas, desertos, montañas, tundras, pradeiras e mesmo en zonas habitadas como é o caso de Galicia.

Antes o lobo era moi abundante, pero agora por mor da destrución dos bosques e a caza ilegal quedan menos.

No inverno o lobo caza en manda animais grandes como o cervo, o alce, o gamo e o xabarín xa que a maioría dos animais pequenos, como o leirón, invernan.

Os lobos teñen de diferente cor a pelaxe, dependendo onde vivan. Por exemplo os lobos que viven no Ártico teñen a pelaxe completamente branca, mentres que os que viven no bosque son grises ou castaños.

O lobo ten poucos inimigos, sendo os seus principais o home, o oso pardo, o tigre e o puma.



LUCÍA
MIRÁS
PÉREZ,
5.º B

ELA QUERÍA FACER O PINO

Debuxo: SANTIAGO GONZÁLEZ NOVO, 4.º B

Era luns e Uxía tiña clase de Educación Física, normalmente era unha clase que lle gustaba moito pois a ela todo o que era facer exercicio poñíaa moi leda, sen embargo despois dun tempo era unha materia que a desanimaba un pouco porque tiñan que facer o pino e costáballe moito, pero como era moi tímida non lle quería decir nada ao profesor.

Así pasou un tempo, practicaba na casa pero non lle saía, e así unha vez e outra vez ata que remataba esgotada e sen alento.

Rematou a primeira avaliación pero non o deu feito e chegaron as vacacións de Nadal, e con elas os días de Reis, que era o día no que se pedían os regalos e desexos e ela pediu que cando comezasen as clases fose quen de facer o pino.

Comezaron as clases o día 8 e non lle tocaba ximnasia pero o luns seguinte, cando o profesor mandou facer o pino, Uxía foi a primeira en facelo e sen ningún problema. Non sabía se fora polo desexo ou por practicalo tantas veces.



CYNTHIA
CASALVICA
BARDANCA,
5.º A

UNHA ADIVIÑA REDONDA

Debuxo: JUANITO HERNÁNDEZ BIZÁRRAGA, 6.º B


Todos din que me queren
para facer boas xogadas
e, en cambio, cando me teñen
trátanme sempre a patadas.

(uolqeq o)



Ola, chámome Martín e estiven de visita no novo parque do meu avó. Nese parque hai dinosauros e a min encántanme eses animais. Cando cheguei ao parque puiden ver ao meu avó e tamén un gran fósil de Tiranosaurus Rex. Co meu avó fun ver os ovos de dinosauro pero o peor estaba por vir: había un ovo a piques de abrir e fixeime en que o dinosauro era dunha raza moi carnívora. Era un Velociraptor. Son animais moi fortes e corren moito pero, sobre todo, impresionan polas súas poutas grandes e fortes. Pola noite, e chovendo, fumos ver o Tiranosaurus Rex. Nese momento comezou a rachar as verxas da electricidade e o sistema de seguridade. Todos botamos a correr pero un quedou retrasado e disparándolle tiros cunha escopeta. Así estivo un rato ata que lle mordeu e arrincoulle a cabeza. Outro membro do grupo meteuse no baño pero alí foi atacado polo Tiranosaurus Rex que acabou coa súa vida. Nós botamos a correr cara á base.

Alí aproveitamos para comer un pouco e nese momento o meu avó presentounos a unha nena que se chamaba Laura. Na fiestra apareceu unha sombra terrible. Unha sombra de dinosauro. Botamos a correr cara á cociña pero alí tamén entraron dous Velociraptor. Puxéronnos moito medo e saímos correndo xunto co meu avó. Estabamos atrapados. Íannos comer. Non había nada que facer... pero, de súpeto, o Tiranosaurus Rex atacou aos Velociraptor para comelos. Non agardamos máis e saímos correndo para pillar o helicóptero. Agora, xa na miña casa, alégrome de non saír de alí sen a perna e a cabeza. Unha auténtica sorte.




A TORRE DE HÉRCULES

NESTE OUTONO, EN
EDUCACIÓN INFANTIL,
APRENDIMOS QUE NA
CORUÑA HAI UN FARO
MOI VELLO: A TORRE
DE HÉRCULES. QUE
ESE FARO, POLAS NOI-
TES, ALUMEA E POR
ISO OS BARCOS NON
CHOCAN COAS ROCHAS.



HÉRCULES E A TORRE



A LOITA DE HÉRCULES E XERIÓN



VIMOS CADROS DE ARTISTAS QUE
PINTARON A TORRE E REFIXEMOS
A DE PETEIRO.
QUEDOUNOS MOI BEN!

GUSTOUNOS MOITO O TRABALLO DE PINTOR MATISSE. SOBRE TODO OS CADROS FEITOS CON RECORTES DE PAPEIS.



FIXEMOS ENTRE TODAS E TODOS UN MURAL DE FOLLAS PARECIDAS ÁS QUE EL PINTOU.



LILA
SUÁREZ
VÁZQUEZ,
3.º C

HÉRCULES E CRUNIA

Debuxo. JOSÉ FERNANDO VARGAS TORRES, 3.º C

Hai moitos anos nun lugar moi afastado no que había un pobo, a xente que vivía alí estaba asustada porque había un xigante que era moi forte e chamábase Xerión.


Entón as persoas animaron a Hércules para que loitara con Xerión.

Hércules loitou con Xerión tres días e tres noites. Ao final Hércules cortoulle a cabeza a Xerión e mentres Xerión caía, a cabeza ía rodando.

Hércules construíu unha torre que se chama A Torre de Hércules.

Tamén fixo unha lista das persoas que viñeron vivir á cidade. A primeira persoa que se apuntou foi Crunia, unha muller moi guapa e Hércules namorouse dela.


Hércules chamou á cidade Crunia, e de aí vén o actual nome da cidade, A Coruña.



ALBA
CASTRO
SENANDE,
3.º A

ADIVIÑA

Ten as e non voa;
fortes zancas e é lixeira.
Que é?




(A avestruz)

REBECA
VENTO
OTERO,
4.º C

A PEGATINA

Debuxo: UXÍA GEA VELO, 6.º B

Esta pequena pegatina
ten tanto poder e arte
que se non se pega a min
non chegará a ningunha parte.



CYNTHIA N.
VARGAS
TORRES,
5.º C

O OUTONO

Debuxo: CYNTHIA NOEMÍ VARGAS TORRES, 5.º C

Chovía, chovía e máis chovía
chove na túa casa
e na miña non para
e todos os nenos aburridos na casa.

Dende as montañas
caen as follas,
tamén as castañas
caen molladas.

Chega o magosto
comemos castañas
co lume encendido
contamos contiños



Hai moitos anos, había unha muller que falaba cos mortos. Cando os veciños se decataron acusárona de bruxa, pero ela negou os cargos. Tres anos despois todo o país empezou coa caza de bruxas. A primeira sospeitosa foi ela e levárona a xuízo.

Despois de prestar declaración, o xuíz declarouna culpable e condenouna a morrer na fogueira.

Cando estaban a piques de quemala dixo:

-Se non me deixades vivir todos os fillos que teñades morreran ao cabo de tres días.

Entón un xove dixo:

-Prendan a fogueira!

A fogueira prendeuse pero a bruxa fuxiu voando ata o castelo abandonado.

Pouco tempo despois apareceron moitas enfermidades na vila e comezaron a sospeitar da maldición. A muller máis nova da vila tivo un fillo que morreu ao cabo dos tres días. A maldición cumpríase!


Este feito chegou a ouvidos dun famoso detective: o detective Grego.

Grego viaxou a Eslovenia e preguntoulle á xente onde vivía na actualidade a bruxa.

Todos lle responderon que seguía vivindo no castelo abandonado.

O detective dirixiuse ao castelo, localizou á bruxa que neses momentos estaba durmindo e...zas!, chantoulle unha estaca no corazón.

Parecía que o problema estaba resolto pero el non sabía que había máis bruxas. Unha delas estaba observando como o detective eliminaba á súa irmá e lanzoulle unha maldición que fulminou ao detective no acto.



(Continuará...)

ANAÍS
ARIAS
NOYA,
6.º A

AMIGA QUE TE VAS

Debuxo: ROMINA TORRES FRUCTUOSO, 6.º B

Amiga que te vas
cecais non te vexa máis.

No meu corazón sempre haberá
un oco para ti.


Amiga que te vas
as miñas cinzas te visitarán.

Botareite de menos
se non te vexo.

Amiga que te vas
moita pena deixarás

Lémbrate de min
como eu me lembro de ti.

Amiga que te vas
non chores máis por min.
A nosa amizade nunca se esquecerá.



ALBA
ALBARIÑO
GONZÁLEZ,
6.º A

GALICIA



Galicia, Galicia, miña nena consentida
que non podo estar lonxe dela, pois sinto morriña
que non me falte o teu verde, nin o teu aire
nin a espuma do teu mar
necesito dos teus brazos, da túa calma, da túa paz...

SAMUEL
MARTÍNEZ
FERNÁNDEZ,
5.º A

UNHA ADIVIÑA

Debuxo: SARA VALDERRÁBANOS CABANAS, 6.º B

Lévasme ás veces contigo,
moi preto da túa man
e, aínda que levo correa,
non penses que son un can.

Tampouco che son as luvas,
nin sequera unha vendaxe,
e non vaias a pensar
que son unha tatuaxe.



(O reloxo)

REBECA
VENTO
OTERO,
4.º C

CHISTE



-Pepiño, quen colleu unha mazá que estaba no froiteiro?


-Eu, mamá. Dinlla a un pobre neno que tiña moita fame.

-Meu fillo, tes un corazón de ouro!. E quen era ese neno, cariño?

-Eu, mamá.

SARA
FRAGA
MAÑANA,
5.º A

OUTRA ADIVIÑA MÁIS



Nunca camiña pola terra,
nin voa, nin sabe nadar,
pero aínda así,
sempre corre, sube e baixa sen parar.

(A araña)

CARLOS
GARCÍA
CAAMAÑO,
5.º A

O OSO CODY

Debuxo: UXÍA VEIRA PARCERO, 6.º B

Era un día de nadal. O oso Cody saíu da súa madrigueira e viu por vez primeira a neve.

Fixo moitos bonecos e tamén se enterrou na neve. Ao cabo de dous días a neve desapareceu. Facía moita calor e cando veu a súa nai viuno moi triste.

O oso Cody estaba tan triste que nin comía nin bebía. Xa pasou un ano e o oso Cody xa era maior. Cando veu outra vez a neve alegrouse tanto que, aínda que desaparecera, lle daba igual porque sabía que ía volver ao ano seguinte.



NATALIA
BELLO
PONTE,
3.º A

A BRUXA PEPIÑA



Érase unha vez unha bruxa que se chamaba Pepiña e todos pensaban que era moi mala, pero en realidade non era nada mala.

A bruxa Pepiña non tiña amigas porque todas as nenas lle tiñan medo. Pero todo quedou solucionado cando un día unha nena moi curiosa foi á casa da bruxa Pepiña e quixo xogar con ela e entón puido comprobar que o que decía a xente

non era verdade. A bruxa resultou ser unha persoa encantadora e dende aquela as dúas fixéronse moi amigas.

Ás veces non hai que facer caso ao que di a xente.

A CARREIRA INFERNAL

Debuxo: JALISSON REYMIS GIL, 6.º B

Serán quen os alumnos e alumnas de 3.º A de compoñer un conto colectivo usando as palabras do recadro? Imos ver o resultado.

**asasinatos rían matanza auga inferno planeta dragón
sangue serpe satélite carreira cochazos vampiro
morta pantasma incendio**

Había unha vez unha **carreira** de **cochazos** no **satélite** dun **planeta**. competían un **vampiro**, un **dragón**, unha **serpe** e unha **pantasma**. O dragón, para gañar, provocou un **incendio** que parecía o **inferno**. A pantasma, como xa estaba **morta**, apagou o incendio con **auga**. Así, deste xeito, evitou a **matanza**.

Como non houbo **sangue**, porque non houbo **asasinatos**, o vampiro botou a chorar mentres todos **rían**.

A carreira gañouna a serpe, que foi a única que se concentrou en correr.



O PRATO DE CALDO

Érase unha vez un carpinteiro que lle foi arranxar o carro a un labrador de Loureda. O carpinteiro viña famento e o labrador deu-lle un prato de caldo quente para comer. O carpinteiro probouno e dixo:
-Reconcho! Este caldo sabe a madeira!
E a señora da casa retrucoulle:
-Arre demo! Moi pronto llo notaches. Nada máis que caeu o zoco do rapaz quiteino.



MISTERIO EN GALÁN

Os nomes e sucesos que aparecen neste relato son ficticios, produto da imaxinación dos seus autores. Calquera parecido coa realidade son pura coincidencia.

Hai uns poucos días un can fixo as súas necesidades no patio do colexio de Galán.

Un profesor chamado Enxerbrando díxonos que fixeramos unha barreira de nenos e nenas para que non pisaran a merda do can a rapazada que ía chegando ao colexio.

O cheiro non era moi agradable. Uns decían que a cagada era do can do

vixilante de seguridade e outros crían que era obra dun can vagabundo que saltara o portal do colexio.

O que si sabemos é que o can vagabundo se chamaba Pirracas. Os seus dentes eran moi afiados e as súas poutas tiñan unhas unllas moi longas e noxentas. Era moi malo e todos sabiamos que trababa a todos os que se atopaban no seu camiño.



Aínda así había que averiguar quen fixera aquela «torta» no medio do patio. Quen sería?

Uns días máis tarde apareceu o temible Pirracas no medio do recreo. Que susto!. Uns corrían para o pavillón, outros subían polas escaleiras, algúns se agarraban ás profesoras e profesores, outros subían ás canastras...

Pero, rapidamente, Enxerbrando, o profesor, colleu o can polo pescozo e levouno polo aire ata a entrada do colexio. Unha vez na porta díxolle:

-Pirracas, non volvas nunca máis por aquí!

E polo de agora non volveu aparecer. Eso si, aínda hoxe seguimos sen saber se a «cagarrupia» era do can do vixilante de seguridade ou do can vagabundo Pirracas. Se alguén sabe a resposta que non deixe de avisarnos.

A CEBOLA

Érase unha vez unha cebola que facía chorar a todo o mundo.

Ela non tiña amigos xa que todos, nada máis vela, se poñían moi tristes e non facían máis que chorar e chorar e chorar...

Un día achegouselle un neno pequeno e díxolle:

-Queres ser a miña amiga?

-Querer. quero, pero... non che farei chorar?

-Faríasme chorar, pero dende pequeno eu non teño olfacto e podo estar ao teu lado sen nengún tipo de problema.

Ademais penso que es moi simpática e moi boa compañeira e iso do cheiro non é tan importante.

Así que quero ser o teu amigo. Queres?

-Quero -respostou alegre a cebola

E así foi como a cebola tivo por fin un amigo ao que non lle importaba o seu cheiro.



DOUS POEMAS

Debuxo: ALBA SUÁREZ CORES, 6.º B



Caeu do ceo unha rosa
recolleuna miña nai
colocouna na cabeza.
Que bonita lle quedou!


Cando mires as estrelas
lémbtrate moi ben de min
porque en cada unha delas
hai un bico para ti.



Xa sabes como funciona o ConcurSAZO. Le a revista, completa os pasatempos, pon o teu nome e curso, recorta esta folla e métella pola boca a Mansiño. Hai un agasallo esperando por ti. Sorte!

O LABIRINTO

Que camiño tomará o profesor Sabi Chon para coller a súa pluma estilográfica?



NOME E APELIDOS

CURSO

O REBUMBIO DE LETRAS

Localiza neste rebumbio o nome de **DOCE** personaxes que aparecen nalgún dos relatos deste número de As Nosas Cousas

Q	X	H	T	L	Z	R	S	U	P	H
X	A	N	I	Q	U	D	C	L	E	E
P	I	R	G	F	X	S	R	U	P	R
E	M	A	R	T	I	N	C	Q	I	C
P	E	O	E	L	A	U	R	A	Ñ	U
I	R	F	G	Z	G	T	U	O	A	L
Ñ	I	H	O	T	S	X	N	Z	Q	E
O	G	U	Q	X	E	R	I	O	N	S
Q	P	I	R	R	A	C	A	S	T	D

XAN
XAIME
MARTÍN
UXÍA
LAURA
CRUNIA
HÉRCULES
XERIÓN
GREGO
PEPIÑO
PEPIÑA
PIRRACAS

REPASANDO A REVISTA...

* Como se chamaba o can que fixo a «torta» no patio de Galán?

* A quen se lle dedica o Día das Letras Galegas de 2010?

*En que país vivía a bruxa que tentou eliminar o detective Grego?

*Cal é o nome dos seis alumnos e alumnas que recolleron as cabazas e entregaron os premios do Samaín 2009?

*Cales son os catro principais inimigos do lobo?

DIA DA ÁRBORE NA TÉRMICA DE SABÓN



E CHEGARON ESTE ANO...



1. A

Agachados: Sabela, Alejandra, Adrián Castro, Ángel, Chari, Agustina, Adrián Alejandro, Iago, Daniel e Matías.

De pé: Samuel, Alba, Belén, Sara, Diego Canosa, Sergio, Adrián Barbosa, Diego Albarellos, Dylan e Agustín, o profesor



1. B

Agachados: Olga, Borja, Valentina, Ariadna, Pablo, Joel, Aroa, Víctor e Sheila.

De pé: Lara, Andrea, Xacobo, Adrián, Manuel, Marcos, Mario, Laura, Darío, Magdalena e María, a profesora.

Faltan na foto: Brais e Christian.



INFANTIL TRES AÑOS

Diante: Alba, Aridane, Noa, Iria G., Antía, Roi, Martín e Rubén.

Detrás: Cosme, Nekane, Iria R.,
Carla, Adrián e a profesora Montse.
Faltan na foto: Youssef, Ayman e
Aurora.



EQUIPO NORMALIZACIÓN

Paz González Madroño Gutiérrez

M· Carmen Facal Traba

Fernanda Vázquez Sánchez

M.^a Luísa Domínguez Pérez

Cristina Cambón Mariño

M. Del Carmen Iglesias Barbazán

M.^a Isabel Hortas González

José Antonio Picado Rodríguez

ISBN 84-699-6977-3